

A CONSTRUCCIÓN IMPERSOAL E PERSOAL DO INFINITIVO

a) Construcción impersonal:

Hai un verbo en voz pasiva e, por tanto, con valor impersonal. Del depende unha oración de infinitivo que fai a función de **suxeito**.

Dicitur (Homerum caecum fuisse) **Sub. inf. sux. non conc.** → Dise que Homero era cego.

3ª sg. sux. atrib. inf. perf. act.

Pres. pas.

Importante! Recorda que o infinitivo non indica tempo absoluto, senón **tempo relativo**:

Infinitivo de presente: a súa acción é simultánea á do verbo principal.

Infinitivo de perfecto: a súa acción é anterior á do verbo principal.

Infinitivo de futuro: a súa acción é posterior á do verbo principal.

b) Construcción persoal:

A oración de infinitivo depende dun verbo en voz pasiva e o suxeito do verbo principal (expresado en nominativo) tamén é o suxeito do infinitivo.

Para traducila ás nosas linguas, podemos dar os seguintes pasos:

1. *Dicitur Homerus (caecus fuisse)* → Homero é dito ter sido cego. → Dise que Homero era cego.

3ª sg. sux. atrib. inf. perf. act.

pres. pas.

Fíxate que nesta construción o atributo do infinitivo vai en nom. e non en acus. Isto débese a que concorda co sux. da oración principal.

2. Ou converter esta construción persoal, nunha construción impersonal:

Dicitur Homerus caecus fuisse. → *Dicitur (Homerum caecum fuisse)* → Dise que Homero era cego.

Tanto se procedemos dun xeito como doutro, o resultado sempre será o mesmo.

Eu creo que á máis sinxela a primeira opción.

Cando analizamos sintácticamente este tipo de oracións, debemos dar a seguinte información: **sub. inf. CPvo. Construción persoal do infinitivo** (os termos destacados en negra son os esenciais).

A construción persoal depende de **verbos** (normalmente en 3ª sg./3ª pl.) como:

- *videtur* ("parece")
- verbos de lingua e de pensamento en voz pasiva *dicitur* ("dise"), *putatur* ("considérase")...
- *fertur* ("dise"), *feruntur* ("son ditos" > "dise")
- *traditur* ("dise"), *traduntur* ("son ditos" > "dise")...

Estas formas son as máis frecuentes, pero poden aparecer noutros tempos verbais e incluso noutra persoa e número.